

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU83080:42
SITUACIÓN: AQUILINO I. ALVARIÑO Nº 1-2ºA - LUGO

Por resolución da xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo, de data 27 de xullo de 2015, iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU83080:42, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no dito prazo unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección dona AROA COBAS RODRIGUEZ (nº de credencial 67728) e unha vez comprobado o cumprimento por parte da interesada dos requisitos esixidos para ser designada adquirente, o xefe territorial en Lugo

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.

2. Declarar directamente adquirente a don/a AROA COBAS RODRIGUEZ (nº credencial 67728).

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da **Lei 30/1992**, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 02 de setembro de 2015.

O xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

P.S. Resolución de 17 de xuño de 2014

O Xefe do Servizo de Contratación e Apoio Administrativo

Marco Antonio Fernández Piñeiro